III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do período de formación en empresas nas ensinanzas de formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas, na situación excepcional actual de pandemia derivada da COVID-19.

O Real decreto lei 31/2020, do 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria para as ensinanzas comprendidas no artigo 3.2 de la Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, excepto a universitaria, establece unha serie de medidas extraordinarias de posible aplicación por parte das administracións educativas, no ámbito das súas competencias.

A formación en empresas constitúe un elemento fundamental de cara á adquisición das competencias profesionais por parte do alumnado e á súa inserción profesional.

Non obstante, a situación actual de pandemia provocada pola COVID-19 pode dificultar ou mesmo facer inviable a participación de empresas de determinados sectores profesionais ou ámbitos territoriais concretos no desenvolvemento do período de formación en empresas do alumnado das distintas ensinanzas.

Considérase necesario, xa que logo, establecer criterios e liñas de actuación que permitan facer fronte, con flexibilidade, aos distintos escenarios que poidan xurdir con anterioridade ou durante a realización do período de formación en empresas, todo iso co obxectivo de garantir a adquisición da competencia profesional asociada a cada título profesional específico.

Así mesmo, establécense criterios para a realización da Formación práctica en empresas, estudos e talleres, así como das Prácticas externas, no referente ás ensinanzas artísticas, e do Bloque de formación práctica relativo ás deportivas.

En virtude do anterior, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto establecer medidas de carácter excepcional, para o desenvolvemento da formación práctica en empresas nos ciclos formativos de formación

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

profesional, e de artes plásticas e deseño, nas ensinanzas deportivas e nas ensinanzas artísticas superiores, como consecuencia da situación de pandemia derivada da COVID-19.

As medidas incluídas nesta resolución permanecerán vixentes ata a finalización do curso académico en que se determine o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020. En calquera caso, soamente serán de aplicación, de xeito excepcional, cando non sexa posible o desenvolvemento ordinario da formación práctica en empresas por falta de postos formativos nun sector ou ámbito profesional.

Será de aplicación a todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas obxecto desta resolución.

Artigo 2. *Medidas hixiénico-sanitarias*

Durante o período de formación en empresas deberán respectarse os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias, así como as medidas específicas establecidas polas propias empresas.

Artigo 3. *Desenvolvemento ordinario*

Sempre que sexa posible, o período de formación práctica en empresas desenvolverase nas condicións e coa duración fixadas na normativa de aplicación para cada ensinanza.

Artigo 4. *Medidas extraordinarias para a realización da formación en centros de traballo nas ensinanzas de formación profesional*

Nos casos en que non fose posible a realización do módulo de Formación en centros de traballo nas condicións fixadas na normativa de aplicación para cada ensinanza, como consecuencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia orixinada pola COVID-19, poderá establecerse algunha ou, de forma combinada, algunhas das seguintes medidas de flexibilización, e coa seguinte orde de prioridade:

4.1. Desenvolver o módulo de FCT parcialmente de xeito telemático, desde o domicilio ou desde o propio centro educativo, sempre que as instalacións e o equipamento o permitan, que a empresa o considere viable e que sexa posible desenvolver as competencias asociadas ao título.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

4.2. Reducir a duración do período de formación en centros de traballo ata o mínimo de horas establecido nos reais decretos polos que se establecen os currículos básicos das distintas ensinanzas de formación profesional: 220 horas no caso de ciclos de grao medio e de grao superior, 130 horas nos ciclos de grao profesional básico e nos cursos de especialización na duración indicada en cada real decreto. Así mesmo, no caso dos programas formativos establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, a FCT poderá reducirse a 65 horas.

Ademais, cando iniciado o módulo de FCT non fose posible rematalo polas circunstancias excepcionais, este considerarase completado sempre que o tempo de realización das prácticas fose igual ou superior ao mínimo indicado no parágrafo anterior.

4.3. Cando non sexa posible o desenvolvemento do módulo de FCT nun centro de traballo, total ou parcialmente, poderase:

a) Realizar o desenvolvemento de actividades prácticas que complementen a totalidade do programa formativo no propio centro educativo.

b) Realizar actividades asociadas á contorna laboral que se aproximen o máximo posible á realidade profesional, de acordo coas especificacións seguintes:

– Nos ciclos formativos de grao superior, establecerase un módulo integrado que inclúa o módulo de Proxecto e o módulo de Formación en centros de traballo, cunha duración total de 245 horas.

A súa cualificación realizarase de xeito numérico respecto da parte do módulo de proxecto e como «apto/a» ou «non apto/a» na parte correspondente á FCT.

– Na formación profesional básica e nos ciclos formativos de grao medio substituirase a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I. A súa cualificación será de «apto/a» ou «non apto/a».

– Nos cursos de especialización de formación profesional substituirase a Formación en centros de traballo por unhas actividades asociadas á contorna laboral propostas polo equipo docente.

– Nos programas formativos, substituirase a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

O equipo docente adecuará de forma individual, en función das posibilidades do alumno ou da alumna, o programa formativo do anexo I.

4.4. Modificar o período de desenvolvemento do módulo de FCT, de maneira que poida adaptarse ás circunstancias sanitarias e á dispoñibilidade de postos de formación das empresas, a través de:

a) Anticipar a realización do módulo de FCT, de xeito total ou parcial, sen precisar a autorización recollida no artigo décimo cuarto da Orde do 28 de febreiro de 2007, pola que se regula o módulo de FCT en Galicia, en días non lectivos e/ou ampliando ao máximo as horas diarias de estadía na empresa, na medida en que as características de cada sector produtivo ou de servizos o permitan.

b) Ampliar o período de desenvolvemento da FCT ata o 31 de agosto de 2021.

En todo caso, a avaliación do módulo de FCT realizarase na avaliación final de xuño para o alumnado que a realizase con anterioridade ou, de ser o caso, na primeira semana de setembro, para o alumnado que opte polo recollido na alínea b) pero con efectos do curso actual.

A adopción das medidas recollidas neste artigo será comunicada con antelación á Inspección Educativa.

Artigo 5. *Proceso de selección do alumnado e renuncia para realización da FCT nas ensinanzas de formación profesional*

5.1. No caso de que o número de prazas dispoñibles nos centros de traballo non sexa suficiente para a totalidade do alumnado dun grupo proposto para FCT, realizarase unha selección tendo en conta a nota media dos módulos avaliados antes da Formación en centros de traballo. O alumnado que non acceda por esta vía realizará a FCT por algúns dos procedementos establecidos no artigo 4.

5.2. O alumnado que non poida realizar a Formación en centros de traballo na empresa, para os efectos de non consumir a convocatoria asociada á matrícula, poderá solicitar a renuncia, segundo o modelo do anexo II, e quedará aprazada a FCT ata que sexa posible retomar a actividade ordinaria nas empresas colaboradoras. Neste caso:

a) O alumnado matricularase en calquera dos períodos extraordinarios establecidos para realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o módulo de Proxecto. Para os efectos

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

de non consumir a convocatoria asociada á matrícula, será avaliada como unha renuncia, indicando en observacións «COVID19».

b) O alumnado pode optar por realizar o módulo de Proxecto no período establecido con carácter xeral ou ben no momento de realizar a FCT, aínda que a avaliación efectiva se fará cando se realice a FCT.

Artigo 6. *Exención total ou parcial do módulo de FCT nas ensinanzas de formación profesional*

O alumnado poderá solicitar a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en centros de traballo se acredita unha experiencia laboral mínima de seis meses, a tempo completo, relacionada cos correspondentes estudos profesionais.

Artigo 7. *Alumnado de especial risco nas ensinanzas de formación profesional*

O alumnado que acredite a pertenza a colectivos de especial risco pola COVID-19 poderá solicitar a realización da FCT mediante as medidas extraordinarias previstas no artigo 4.4 desta resolución.

Artigo 8. *Seguimento telemático da FCT*

Desde os centros educativos estableceranse as medidas necesarias para que o seguimento da aprendizaxe do alumnado poida realizarse por medios telemáticos.

Porén, na medida do posible, a xornada de presentación do alumnado na empresa será presencial.

Artigo 9. *Formación profesional dual*

9.1. Sempre que sexa posible, o alumnado realizará as actividades formativas nos centros de traballo segundo o establecido nos convenios e acordos de colaboración coas empresas, que poden ser adaptados ás circunstancias excepcionais que poidan producirse, incluíndo a posibilidade recollida no artigo 4.1.

9.2. De non ser posible realizar as actividades formativas no centro de traballo, total ou parcialmente, o centro educativo asumirá a formación do alumnado e establecerá unha

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

reprogramación específica para cada un deles, planificando actividades de reforzo dos aspectos que non fosen abordados en cada módulo profesional. Ademais:

a) O alumnado de segundo curso do réxime ordinario poderá realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o módulo de Proxecto, segundo o establecido nesta resolución.

b) No caso do alumnado que estea a cursar o derradeiro curso do ciclo de grupo completo, en función do tempo que estivese na empresa e dos resultados de aprendizaxe adquiridos, o equipo docente valorará a necesidade ou non de realizar, total ou parcialmente, o módulo de FCT. Para a súa realización observarase o establecido nesta resolución.

9.3. Antes da finalización do curso escolar, segundo o establecido na orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso na Comunidade Autónoma de Galicia, se as circunstancias o permitisen, o alumnado poderá reincorporarse para realizar as actividades formativas nos centros de traballo, coa planificación e a temporización establecidas no acordo e no programa formativo asinado coa empresa.

Artigo 10. *Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño*

10.1. O alumnado que curse ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño ás que se refire o Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da especialidade que se estea a cursar.

10.2. Nos ciclos de grao superior de artes plásticas e deseño, a fase de Formación práctica en empresas, estudos e talleres, e o módulo de Proxecto integrado poderanse realizar de xeito integrado, adaptando o establecido nos artigos 8 e 9 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio. A súa duración total será a suma da carga lectiva prevista para a fase de Formación práctica e o Proxecto integrado nos reais decretos de establecemento de cada título.

10.3. Así mesmo, nos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño, a fase de Formación práctica en empresas, estudos e talleres, e o módulo de Obra final poderanse realizar de xeito integrado, e a súa duración total será a suma da carga lectiva prevista para ambos os casos nos reais decretos de establecemento de cada título.

10.4. A avaliación das ensinanzas ás que se refire este artigo quedará recollida, en calquera caso, coa cualificación do módulo de Proxecto integrado ou de Obra final de ma-

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

neira numérica, entre cero e dez, sen decimais, e a cualificación do módulo profesional de Formación en centros de traballo como «apto/a» ou «non apto/a», sen que esta última se teña en conta para calcular a nota media do expediente académico.

10.5. Nos títulos aprobados en virtude da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, aínda en vigor, nos que non puidesen ser de aplicación as medidas recollidas nas alíneas anteriores por corresponder a realización do Proxecto ou Obra final no curso seguinte, a fase de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres poderá realizarse como traballos profesionais dirixidos academicamente e integrados no currículo, segundo se prevé nos reais decretos de establecemento dos correspondentes títulos, ou poderá realizarse de xeito efectivo no seguinte curso xunto co Proxecto ou a Obra final, ampliando excepcionalmente o período previsto para posibilitar a súa execución.

Artigo 11. *Ensinanzas artísticas superiores*

O alumnado que curse ensinanzas artísticas superiores en cuxos reais decretos de contidos básicos se prevexa a realización de prácticas externas poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da especialidade que se estea a cursar.

11.1. Nas ensinanzas superiores de música, danza, deseño, artes plásticas, e conservación e restauración de bens culturais, as prácticas externas poderán realizarse no propio centro, integradas co traballo de fin de estudos ou con algunha disciplina de perfil práctico pertencente ao bloque de materias obrigatorias de especialidade.

Neste caso, o número total de créditos ECTS asignado corresponderá á suma da asignación establecida para as prácticas e para o traballo de fin de estudos ou materia nos reais decretos 631/2010, 632/2010, 633/2010, 634/2010 y 635/2010, do 14 de maio, en que se regulan as citadas ensinanzas.

As prácticas externas da especialidade de Pedagoxía desenvolveranse en CMUS profesionais, tal e como establece a normativa vixente.

11.2. Para o desenvolvemento das prácticas externas no propio centro, este deberá crear un equipo de prácticas externas que se encargará, baixo a supervisión da vicedirección do centro, de coordinar o traballo de produción durante as prácticas externas e a súa organización.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

A avaliación das ensinanzas a que se refire este artigo quedará recollida, en calquera caso, coa cualificación de cada unha das disciplinas de traballo de fin de estudos e de prácticas externas de xeito numérico, entre cero e dez, cun só decimal.

Artigo 12. *Medidas no ámbito das ensinanzas deportivas*

12.1. O alumnado que curse ensinanzas deportivas a que se refire o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da modalidade deportiva que se estea a cursar.

12.2. As ensinanzas deportivas de grao superior rexeranse polo previsto nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, podendo quedar integrados, de maneira excepcional, os módulos de Formación práctica e de Proxecto final. A realización dos dous módulos farase de xeito integrado e cunha duración total correspondente á suma da duración prevista para estes módulos nos reais decretos de cada título.

12.3. Así mesmo, nas ensinanzas deportivas de grao medio, a estadía en contornos produtivos propia do módulo de Formación práctica poderase substituír por unha proposta de actividades asociadas a situacións reais de traballo ou práctica deportiva.

12.4. Para os efectos de avaliación das ensinanzas, na realización dos módulos con carácter integrado o módulo de Formación práctica e o de Proxecto final cualificaranse como «apto/a» ou «non apto/a», sen que se teña en conta para a cualificación final do ciclo.

Disposición derradeira primeira. *Difusión*

A dirección dos centros educativos que impartan estas ensinanzas arbitrará as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

ANEXO I

Actividades asociadas á contorna laboral nos ciclos de grao medio, nos ciclos de FP básica e nos programas formativos

As actividades asociadas á contorna laboral consistirán na realización dun proxecto, programa ou plan recollido nun documento, que ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables da competencia xeral, e as competencias profesionais, persoais e sociais integradas no perfil profesional, e desenvolvidas nos restantes módulos do título ou programa formativo, partindo dos resultados de aprendizaxe e dos criterios de avaliación do módulo de FCT. Nos ciclos de FP básica soamente se terán en conta os módulos asociados ás unidades de competencia.

O documento elaborarase de acordo coas características da contorna profesional do ciclo formativo, tendo en conta a prospectiva do título no sector ou nos sectores produtivos en que se insire, as funcións propias de cada tipo de persoal técnico, e os elementos tecnolóxicos e organizativos que afectan as ocupacións e os postos de traballo desenvolvidos polos/as diferentes profesionais. No caso dos ciclos de grao medio, poderanse incluír o tratamento dos elementos relacionados coa xestión empresarial, as oportunidades de negocio e o desenvolvemento sustentable e equitativo. En todo caso, consideraranse os elementos esenciais da seguridade e a saúde laboral, a avaliación dos posibles riscos profesionais no desempeño das ocupacións, a planificación da prevención de riscos nos centros de traballo e a aplicación de medidas de prevención e protección nos postos de traballo.

Para a elaboración do documento, poderanse utilizar como referente os modelos de guións que se detallan a continuación ou optar por outro. En calquera caso, o equipo docente deberá flexibilizar a súa elaboración e adaptar o seu contido ás circunstancias, ás características e ás capacidades do alumnado, e ás particularidades do ciclo ou do programa formativo.

Modelos de guión:

• Modelo A. Destinado a alumnado de ciclos de grao medio ou de FP básica.

Poderanse incluír soamente algunhas das epígrafes ou ou subepígrafes.

1. Descrición das características dos sectores produtivos integrados no perfil profesional do ciclo ou programa. Poderá incluír:

a) Características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa súa contorna económica.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

b) Estrutura e dimensión das empresas ou actividades produtivas.

c) Ocupacións ou postos de traballo máis representativos.

d) Evolución na formación dos/das traballadores/as en relación cos cambios tecnolóxicos e de planificación no sector.

e) Influencia da tecnoloxía dixital nas empresas.

f) Determinación dos puntos fortes e débiles do sector ou dos sectores produtivos.

2. Identificación das necesidades dos sectores produtivos en relación co proxecto seleccionado. Poderá incluír:

a) Identificación dos produtos ou servizos máis demandados no ámbito desa actividade económica.

b) Selección de posibles oportunidades para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas do sector ou dos sectores.

c) Indicación de se o proxecto trata de resolver unha necesidade detectada ou se centra nunha actividade propia do sector.

d) Proposta dalgunha innovación, novos produtos ou servizos, ou forma de ofrecelos.

e) Planificación dos recursos necesarios para acometer o plan.

f) Valoración da viabilidade técnica, legal e económica do proxecto formulado (só nos ciclos de grao medio).

g) Xustificación do proxecto seleccionado.

3. Desenvolvemento. Dependendo da temática que se trate, poderá incluír:

a) Definición e elaboración, de ser o caso, da documentación necesaria para o proxecto.

b) Identificación da necesidade de autorización ou permisos para as actividades planificadas.

c) Coordinación da execución con outros equipos de traballo.

d) Planificación e control dos procesos ou dos servizos.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

e) Secuenciación das actividades que se vaian desenvolver.

f) Identificación dos principais riscos laborais asociados á actividade e da súa solución.

g) Recoñecemento dos dereitos e das obrigas de empresarios/as e traballadores/as en relación coa seguridade e a saúde laboral.

h) Plan de igualdade entre homes e mulleres.

i) Aplicación de medidas en relación ao respecto polo ambiente.

j) Establecemento dos mecanismos de seguimento e control da execución do proxecto.

k) Deseño dos mecanismos de corrección de posibles erros e desviacións.

4. Conclusións e reflexión final.

• Modelo B. Destinado principalmente a alumnado de ciclos de FP básica ou programas formativos.

Poderanse incluír soamente algunhas das epígrafes ou subepígrafes.

1. Descrición das características dos sectores produtivos integrados no perfil profesional do ciclo ou programa. Poderá incluír:

a) Características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa súa contorna económica.

b) Estrutura e dimensión das empresas ou actividades produtivas.

c) Ocupacións ou postos de traballo máis representativos.

d) Evolución na formación dos/das traballadores/as en relación cos cambios tecnolóxicos e de planificación no sector.

e) Influencia da tecnoloxía dixital nas empresas.

f) Determinación dos puntos fortes e débiles do sector ou dos sectores produtivos.

2. Desenvolvemento de supostos prácticos relacionados cos resultados de aprendizaxe e cos criterios de avaliación, relativos ás actividades que o alumnado debe realizar en situacións reais nos centros de traballo.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

3. Conclusións e reflexión final.

Orientacións pedagóxicas para as actividades asociadas á contorna laboral:

Atendendo ás circunstancias, ás características e ás capacidades do alumnado, e ás particularidades do ciclo ou programa formativo, fomentarase e valorarase o seguinte:

1. Creatividade, autonomía e iniciativa persoal, espírito crítico e capacidade de innovación nos procesos realizados.

2. Inclusión de elementos transversais do currículo dos ciclos ou dos programas formativos:

a) Respecto polo ambiente.

b) Igualdade efectiva entre homes e mulleres.

c) Prevención de riscos profesionais.

d) Non discriminación por ningunha condición nin circunstancia persoal nin social, sinaladamente en relación cos dereitos das persoas con discapacidade, etc.

3. Tratamento de:

a) Responsabilidade social e a súa conciliación cos obxectivos do desenvolvemento sustentable.

b) Economía circular.

c) Economía social.

d) Desenvolvemento de aspectos que incidan na mellora das desigualdades demográficas existentes en Galicia ou que impulsen a Galicia rural.

4. Uso das TIC.

5. Utilización de:

a) Documentación teórica auxiliar: bibliografía, planos, manuais de uso, guías, páxinas web de referencia, apuntamentos breves e lexislación.

b) Distintos soportes documentais: vídeos, presentacións, elementos multimedia, etc.

A avaliación das actividades asociadas á contorna laboral poderase complementar cunha entrevista profesional estruturada.

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7

ANEXO II

REALIZACIÓN DO MÓDULO DE FCT E DO MÓDULO DE PROXECTO (COVID-19)	Documento
	Solicitude

Datos da persoa solicitante:

Apelidos		Nome
DNI	Correo electrónico	Teléfono

Datos da ensinanza:

Centro educativo		Ensinanza
Réxime - modalidade		
□ Ordinario - Presencial	□ Ordinario - FP dual	
□ Adultos - Presencial	□ Adultos - Distancia	□ Adultos - FP dual

Solicita:

□ Realizar o módulo de FCT e, no caso dos ciclos de grao superior, o módulo de Proxecto, noutro curso académico, e non consumir a convocatoria asociada á matrícula do curso 20__/__.

□ Realizar o módulo de Proxecto no período establecido con carácter xeral, e realizar o módulo de FCT noutro curso académico, e non consumir a convocatoria de FCT asociada á matrícula do curso 20__/__.

_____, ___ de _____ de 20 __

Sinatura da persoa solicitante

Dirixir ao centro educativo (nome): _____

CVE-DOG: 7jrh03y3-rza9-vso3-m0q3-d4x0iij72ui7